

3.1. Modelos de cartas

Carta de contestación a un anuncio

Marina Apellido Apellido
Avda. La Diagonal, 10, 1º
15702 Santiago
Tfo. 981777888
E-mail: marina@gmail.com

Dna. Rita Apellido Apellido
Asociación de Empresarias da Estrada
Gran Vía, 12, Baixo
36680 A Estrada

Santiago, 12 de novembro de 2009

Estimada Sra. Apellido:

Envíolle o meu currículum vital en resposta a súa solicitude dun administrativo (OCorreo Galego, 7/11/09) para a súa oficina da Asociación de Empresarias da Estrada.

Pola miña formación académica e a miña experiencia considerome plenamente capacitada para desenvolver o posto. Teño exercidas funcións de Secretaría de Dirección, e coñezo á perfección as funcións inherentes ó posto que ofertan.

Permítame sinalarlle que, ademais dos estudos oficiais e os cursos de administración, xestión, contabilidade e ofimática que indico no currículo, estou suscrita a diversas revistas relacionadas coa miña profesión, o que me permite coñecer as últimas novas nestes campos. Asimismo, completei os meus estudos de inglés e alemán con diversos periodos de estancia en Inglaterra e Alemania.

Estaría sumamente interesada en aportar os meus coñecementos e experiencia na súa empresa, e traballar desta forma cun equipo de profesionais que me permita completar a miña carreira profesional.

((Co obxecto de ampliar os datos do meu currículo que puideran interesarlle, comunicareime telefónicamente con vostede o vindeiro martes, co fin de concertar unha entrevista.))

Sen outro particular, despídese atentamente

Marina Apellido Apellido